



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

- E como era a muiñeira?

(Toca a pandeireta)

- Bota unha copla. Coa música, canta. Bota unha copla.

Unha noite no muiño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é foliada,
unha semaniña enteira
esa si que é foliada.

Unha volta por o medio
i-outra por o arredor,
así fai o quen baila
así fai o bailador,
así fai o quen baila
así fai o bailador.
Ai la...

Baila, Josefiño, baila,
baila ben con esa moza,
Dios queira que de hoxe nun ano
que le llares tu esposa.

- Non vai ben, engáñome.
- Como era esta última.
- Baila, Josefiño, baila... en galego?
- Si, si.

Baila, Josefiño, baila,
baila ben con esa moza,
Dios queira que de hoxe nun ano
que le llares tu esposa.

- A jota á parecida pero non é igual. Pero a ver se me acorda algunha cousa que sea no tono de jota.
(Toca a pandeireta)



Que me dixo teu pai
que vas a bailar
e no medio do baile
que te deixe quedar.
Ai la...

- Espera, a ver se me acorda.
(Son da sega)

Anque veño da seitura,
anque veño da segada,
anque veño da seitura,
aínda non veño cansada.

- Ai, hai unha pero estaba nun disco hai moito tempo: “Miña nai, miña naiciña”, non tes oído eso?

Miña nai, miña naiciña
coma miña nai ningunha
que me quentou a cariña
co calorciño da súa,
co calorciño da súa,
ai lalalo, ai lalala.

- Esa era unha copla que se cantou nun disco cando eu era rapaza tamén.